

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un num. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PRAZA M.<sup>a</sup> PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 101

A CRUÑA 25 DE SECEMBRO DE 1919

## Aragón da leiciós de nazonalismo

### PRA QUE ADEPRENDAN MOITOS

Tres fases ten o rexionalismo aragonés: primeira, a fase sentimentalista; segunda, a fase política, e terceira, a fase social. A primeira repersenta unha idade antiga, afortunadamente superada pol-a maior e mellor parte do rexionalismo. A segunda está en eclosión, anque con un pouco de retraso, porque quen ouserva no terreo a vida aragonesa puido donárese conta da enorme enerxía que vai acumulándose entre os labregos que labran, pouco satisfeitos de nebulosidades políticas, atentos e xusticieiros pr'as cotidianas inxustizas sociaes de que teñen sido victimas.

Na segunda fase do rexionalismo aragonés vive a maior parte dos rexionalistas activos que irán a asamblea. Con eles estarán os fueristas, os anticuarios e os literatos ocasionaes e superficiaes de temas baturros. Si a asamblea determina con claridade qu'un rexionalista aragonés non pöde pertencere a ningún partido alfonsino, sexa ou non turnante, terá acometida a cuestión principalísima e terá iniciado co ideario nazonalista un seguro principio de liberación. En Aragón pode un maurista pasare por rexionalista; mais ousérvese no País Vasco como maurista, e a antítesis de nazonalista e como o Sr. Bergé, deudo do señor Maura, non puido sere diputado a Cortes nin deputado provincial. En tal senso d'oposición os turnantes terá qu'inspirárese a asamblea constructiva, si quere sere acreedora da seriedade e ostentare un carácter de plebiscito pra eliminazón das rafas de vellos partidos de turno, cuio intrés por Aragón todos temos ollado. Nin Maura co seu proiêuto de Administración local, nin Dato concedendo por decreto a Mancomunidade a Cataluña, nin os liberaes co'a sua autonomía «dende fora», nin os republicans unitarios, nin os socialistas unitarios e centralistas (que o son en contra dos sindica-

listas), poden aspiraren a seren n-un rexionalismo concreto, cooperadores da boa autonomía.

Si a asamblea determina a oposición entre rexionalista aragonés e antirrexionalista d'unha maneira fixa, terase chegado a boa meta inicial. Dotado estonces o aragonésismo d'un contido social localista e rural, non rústico; aproveitando a esperenza dos mais impracables municipalistas, e facendo un Estatuto claro, comprensivo a vario pr'as realidades de Aragón, poderase decire qu'o ideal de Aragón é non sere gobernado dende fora ben nin mal; poderá decírese que toda solidaiidade cordial ibérica terá a adhesión dos aragoneses; que se desexa unha modificación constitucional fonda, pra facere respetar a vountade das terras d'España, que non son patrimonio de ningunha dinastía, nin de ningunha casta; nin de ningún partido, nin de ningunga partida.

FELIPE ALAIZ.

(Do xornal El Sol).

### CADRO BRANCO

O concello da Cruña acordou por unanimidade, e a proposta do señor Casares Quiroga, pedir ao Goberno a derogación do Decreto do cacique de Ourense Bugallal, contra a ley de Besada referente ao reparto do consumo.

### PARADOXO

Existen en todos os rincós do mundo individuos, moitos d'eles d'aparencia exótica e extravagante, que dotados d'un temperamento especial saben transportar á nosa imaxinación a natureza pasada a través da sua alma.

Uns encerrados en gabinetes de traballo ou moitas veces, en alcobas, sin luz, ou cafés imundos; imprimen gráficamente en cuartillas

de papel, pensamentos profundos, descrições cheas de colorido, imaxes estupendas de grandeza psíquica. Outros c-unha caixa de tintas e uns pincéis estapan n'un anaco de tea catro borrons que son a imaxe d'un paisaxe grandioso de beleza, ó unha escena da vida humana que se revela ali en todo o seu esplendor en toda a sua verdade. Outros ainda transforman un anaco de barro n-un bloco cheo de vida. Hai outros que interpretando acusticamente a natureza, gravan no pentágrama puntos negros e raias, que traducidos por distintos instrumentos vibran no ar baixo a forma de sonidos harmoniosos cheos de melodía uns, enerxicos e viris outros. E derradeiramente, existen ainda outros individuos, que sin pruman cuartillas de papel, sin tinta nen tea, sin barro nen cincel, sin pentágrama; transportan para o seu propio ser, unha individualidade estraña e presentanse-nos exteriorizando a vida con todo o colorido e verdade, de tal maneira que os feitos que ela desenvolve se realizan ante os nosos ollos baixo as formas fitticias do que se chama a representación escénica.

A todos estos individuos chaman artistas; todos eles fan arte.

O arte idioloxico do filosofo, do poeta, do literato; o arte plastico do pintor e do que modela o barro; o arte acustico do musico, é obra material que a acción do tempo non borra e que immortaliza os seus autores. Estinguése a vida animal d'estos artistas, o seu corpo fisico desaparece transformandose, pero a sua vida espiritual queda gravada nas suas obras.

O arte idioloxico, plastico, sonoro, o arte mais complexo de todos; o do artista dramático, é obra de pouca dura. Termina ao caer o pano co ruído dos derradeiros aprausos.

O arte dramático é difícil, é complexo, pero non dá gloria; é ingrato. ¡Ingrato arte! ¡É ingrato pero é fiel ao mesmo tempo! Non dá gloria ao seu autor pero querelle como ningún.

Quer ao seu dono con tanto egoísmo que non-o deixa morrer sin morrer con el. E como o can que morre de fame, na campa do seu amo.

¡Arte ingrato! ¡Arte fiel!

FERNANDO OSORIO.

### Aos Irmans da Fala da Cruña

As "Irmandades da Fala" coidan preciso a sua intervención na vida municipal dos povos pra conquermiento do seu ideal. A "Irmandade" da Cruña, comenzou xa os traballos preparativos para a próxima loita electoral, e fai saber a todol-os irmáns e simpatizantes da nosa Santa causa, maiores de 25 anos, a obriga de axudar na medida das suas forzas. Horas de oficina, de 9 a 11 da noite.

A SECCIÓN POLÍTICA.

## CONTOS DE CASTELAO

# o aparello dos apóstoles

Eran doce mariñeiros; unha ducia de mariñeiros vellos, unha ducia de mariñeiros probes. Sen frébas de carne xa debaixo do coiro e co-as xuntas dos hosos cheas de ferruxe, tiñan aínda na caixa forte do peito un bó corazón e dentro da cachola bulíanlle aeito as lembranzas d'unha mocidade arriscada.

Os bós cristianos non poderían guindar con iles, nin sería de mariñeiros darlle un codelo de boroa. com'os probes de pedir pol-as portas. A limosna é boa pr'os que están afeitos á recibil-a; un home qu'andivo tod-a sua vida aboyado no mar e que chegou á probe por chegar á vello, morrería de vergonza, cando sintise no lombo as folicas da limosna.

Pois ben; así com'os rapaciños enredan con barquiños de cortiza pra irense afacendo, os *apóstoles* enredan c'un barco grande. E tamén tiñan unhas peras pra pescar n'os días mormos e mainos de sol. Eu non digo que collesen peixe pra vender na ribeira; pera algunhas veces aínda chegaban a coller pr'a caldeirada. Nin que decir ten que l'axudaban os mozos, mais iles ¡que diaño! mandaban e berraban coma se fosen patrons.

Xogos de vello!...

Cando lle lembrádes o sua probeza con calquera ben que lle fixéades, ceibaban pol-os beizos tremantes istas verbas d'agradecimento: — Tanto ben coma n'os fás, que che fagan á tí cando chegues á vello.

E moito coidadiño que vos escoitasen dicir: *Oxe está un día coma pra ir ó mar o aparello dos apóstoles*. Enchianse de carraxe e axiña vos respondería calquera d'eles: Escoita, tí, lapadoira; no noso tempo fomos mariñeiros e se tivera os teus anos collíache pol-a cueira do calzón e iñas deprender á respetar a vellez ¡Malcriado! ¡Malenseñado!

Daba xenio vel-os en ringleira, *ós apóstoles*. levand'os paseniñamente, car'a sua casa encaleada, o aparello ó lombo, n'os seráns mornos do vrán.

E no día de xueves santo o abade, de xoñellos, limpaballe os pés n'a irexa...

Aínda os estou vendo en Villagarcía, c'os remos ergueitos, cando El-Rey pasou antre duas longas ringleiras de xeiteiros armados de remos...

Dende que o Goberno dou a razón ós conserveiros, cicais por non coñecer a sardiña galega máis qu'en latas de conservas de Nantes, entrou a fame de peixe n'as chouzas dos probes e os *apóstoles* foron morrendo co-a vergonza da caridade...

O aparello apodreceu dentro da casiña encajeada e o barco, deitado a beira do mar é o común dos fillos dos trañeiros.

CASTELAO.

## VERBAS...

### Unha opinión

Moitas veces se leva dito qu'o sentimento nazonalista háchase afincado no corazón; qu'o nazonalismo é un impulso cordial, non cerebral. Poucos son os que poñen en dúbida tales afirmazóns. Toda a verdade esmagante qu'elas choen non necesitan endexamais probárese. Trátase de algo que, cada un dos tocados por ela, hacha probado con caridade meridiana no seu íntimo. A forza, pois, d'un raciocinar serio e repousado qu'en calquera outra cuestión puidera empregárese como arma afirmadora ou destructora, n-ista de que tratamos non ten valía algunha. A friaxe dos razonamentos e incapaz de faguere xurdil-o fogo do patriotismo nazonalista. Iste fogo aburador e único soio pode iniciárese ó calor de esaltazón sentimental. Alí onde haxa quentura de sentimentos, facilidade emocional, será sinxelamente abrangible prendel-a chama do santo ideal nazonalista.

Alguen dixo qu'o romanticismo era unha esaltazón dos sentimentos. ¿Quén podería negare qu'o nazonalismo, prena esaltazón do sentir e do querer patrios, non é un romanticismo nobilísimo e ateigado de nobres arelas que, como tal romanticismo, soio oposición significa ó rastreo baixo e a ras de terra do calculismo frío e razonador? A nós parécenos que ninguen. E sendo eisi, é non podendo sere

d'outro xeito, cicais n-iste senso pouco utilitarista e práctico que, pol-o momento o ideal nazonalista presenta, háchese o motivo fundamental e decisivo do apartamento e, aínda mellor, da oposición con que, respecto a nós, viven os acaudalados, prácticos e *sesudos* varóns galegos...

Sere nazonalista significa sere abnegado, xeneroso e altruista. Dentro d'un espírito calculista e práctico tales virtudes non poden eistir. O cálculo é a comenza irmanada con un egoísmo escrusivista, que se deriva d'elas, donan orixen á hipertrofia do *eu*. E ista hipertrofia escriúe, como consecuencia natural, aquelas virtudes que constitúen, por eisi decilo, algo a maneira d'un roupaxe en que se hachase envolta a esenza do sentimento nazonalista.

Ningún dos nosos pode desconocere qu'ó traballar pol-a redenzón da patria, hoxe asoballada e maltreita, traballa pol-o abrangamento d'un novo estado de cousas do qu'el disfacilmente disfrutará. Y-emporiso ¿quén é aquel dos nazonalistas que non traballa p'ondo toda a sua fé e a sua alma na empresa de redenzón? Nós coidamos que ningún, porque, de habere algún, ise xa deixaría de sere nazonalista pra trocarese n-un *vivo*, n-un d'ises *prácticos* dos que denantes falabamos. Velaiquí, pois, a proba mais doada de que a falla de *senso práctico ó uso* non pode donárese mais que antre os nazonalistas. Velaiquí, pois, como nazonalismo implica abnegazón, altruismo, desintrés, todo aquilo en suma que por sere

propio d'espritos selectos, fai qu'os «bos e xenerosos» sexan tan poucos.

C. ESPASENDE.

## Follas novas

Do libro «Xente da Aldea» proisimo a publicarse en Lisboa, e que levará unha portada do xenial caricaturista gallego Castelao.

Alfredo P. Guisado, é un estudante de Lisboa entusiasta nazonalista que aínda non ten os 20 anos. Ten conqueridos moitos trunfos e está sendo moi gabado pol-o Director do Museo de Lisboa o Dr. Figueiredo.

### EL Y ELA

A propósito d'a suscripción qu'a Colonia Gallega de Lisboa abriu pr'os mutilados d'a guerra portuguesas.

O río Miño é un cura  
Sen igrexa y sen misal,  
Casar Galicia procura  
Con un novio:—Portugal.

Y-están os dous namorados  
Sin que nada mais esperen,  
Fay tantos siglos parados  
Sin dar as mans como queren.

El é un mozo valente.  
Andou anos po-las guerras,  
Abriu mares, troyo terras,  
Y-o corazón sempre á frente.

Ela á beiriña d'o río  
Fia Mistério con calma:  
—En vez de roca ten Alma  
Y-o paisaxe en vez de fio.

El vea de serra en serra,  
Y-ela, lexos, a axixar...  
El foy fay meses pra guerra  
Y-ela quedou a esperar.

E mentres él pelexaba,  
Pra que volvese pedía:  
—Rezava cando el perdía,  
Cando el vencía, cantaba.

E cando agora volven  
Arrimadiño a un bastón,  
Sentiuno n'o corazón,  
Deulle algo d'o que era seu.

ALFREDO PEDRO GUISADO.  
(Pedro de Menezes).

**Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao adeministrador pra facer a reclamación no correo.**

**Prégase asimesmo a os que teñen a suscripción en descuberto, remítan o importe pol-o xiro postal.**

## Os poetas mais novos de Portugal

Versos inéditos enviados "A Nosa Terra"

### INTROITO

Lopes Vieira decia unha ves:

*Deixa a Castela, e vem a nos!*

Era a vos de Portugal.

Non existen as fronteiras. O miño non é unha fronteira. Non se sabería onde comenza Portugal e fica Galiza, onde comenza Galiza e fica Portugal.

A mesma saudade. A mesma lingua. O mesmo peisaxe. As mesmas tradicións. Somos somellantes etnográficamente i-spritoalmente.

Mais, a tiranía de Castela, ténnos encadeados e non podemos decire verbas de liberdade. Terra maldita de Castela! Ai, como me sinto stranxeiro n-ista terra maldita!

Portugal, Portugal, terra irmá... Galiza, a queixosa, que xa vai spertando do seu sono de séculos, óllate con tristura...

As ás das anduriñas lévante as saudades da Galiza.

Irmandade!

CORREA CALDERÓN

### MONSALVATO

*"..Monsalvat o Monsalvatge que se encontra camino de Galicia y circunda un gran bosque, llamado de Salvatierra, e instituyendo para la guarda del santo vaso la caballeria del Templo".*

Bonilla y San Martín

Onde é que ficaría Monsalvato?

Onde estaría o sangue do Senhor?

E como cresce a agua dum regaio,  
assim a turba cresce com fervor.

Demanda do San-Graal—ó sonho grato  
p'ra quem na vida seja sonhador!  
e galgam serras, palmilhando o mato,  
—e nao se extingue nunca o seu ardor!

Depois de tanto passo de agonía,  
foi acabar por fim a estranha empresa  
nessa Galiza mística, ancestral...

Onde é que Monsalvato ficaría?  
Se nao ficava em terra portuguesa,  
ficava en terra irmá de Portugal!

ANTONIO SARDINHA.

## Verbas sinxelas

Fai poucas datas q'eu n-a compañía de moi garimosos i-entusiastas amigos, asistía a famosa Asamblea de Consello provincial d-agricultura. Aínda foi onte e xa parésceme me lembro de tod'aquelo como d-un sono dourado d-a miña infancia. Velo xa antr'as neboas d-o es-

quecemento as figuras d-o retabro: n-o meio a quixotesca faciana d-o presidente i-o lado dreito o Sancho Panza d-a cidadanía. Tras diles tod'o cortexo de señoritos n-a vestimenta pero de intelixencias espidas, os representantes d-os sindicatos católico-caciquiles, c'oa sua «verborrea», c'os seus puxos do *barata erudición*, faguendo de cores anxélicos ás teorías sóbor d-orixen hestórico d-a propiedade, que de calquer xeito quería o ponente l'aprobaran; alí baraxábas' a *ocupación c'oa convención, c'oa lei civil e c'o traballo*, alí alternaron confundidos en grobo eminentes xuriconsultos romanos, Grocio, Puffeudorf, Rousseau, Montesquien, Beutham, Marabeau, alí tan distintas doutrinas fundiñas o Sr. Asúnsulo n-unha «moi orixinal d-a sua propiedade», dando de patadas ó comunismo, ó socialismo etcétera... Namentras, os representantes d-o Agro abrían suas bocas, unhos cheios d-o sono que lles doaba aquela música estraña nunca escoitada. outros parvos d'ouvir como n-a Cruña se discutían tales cousas... Porqu'isto, señor de Bodaño, decíame xuntament'indinado un d-isois bós homes, quer decir que s'orixen d-a propiedade é outro, nosoutros, os que temos algo dempois de tanto traballo perderíamol-o dereito ó que nos deixaron nosos antepasados, porque desde se demostrase a ilexitimidade d-o seu adequerimento...

### O MADRIGAL DAS ROSAS BERMELLAS

*Conta unha lenda do país heleno  
que, n-un comenzo, as rosas eran brancas.  
Unha mañán que a diosa dos amores,  
da beleza e da gracia,  
foi pañar frores nos xardíns veciños  
da fonte de Castalia  
tripóu unha roseira  
de espiñas afiadas:*

*espallóuse en pingotas, relocentes  
como acesos rubís de luces craras,  
a roxa sangue, e o divino orballo  
trocóu bermellas as rosiñas brancas.  
Dende aquela, frorecen n-este mundo  
as rosas do dolor, ¡as rosas santas!*

*¡Ou ti, filla da diosa! ¡Eu tamén tiña  
unha roseira de rosiñas brancas...!  
¡Dende o día infeliz que ma tripache  
bota rosas que sangran!*

RAMÓN CABANILLAS.

Eisí se gastano moitas sesións e moitas horas en non conquistar nada mais que leval-a desorientación i-a desconfianza a istos nobres espíritos, eisí se pasou o tempo dempois d-a ridícula maneira de tratar problemas d-intrés com'o d-os foros, d-o que falaremos n-outras «Verbas sinxelas» por coidal-o comenente, eisí ficaron sin discutir cuestións de máis transcendencia, eisí buscand'o orixen d-o mal deixano sin curar-ó paciente».

¿Ou sería que nosos curtos entendedeiros non s'hachaban despostas pra cousas tan outas com'as d-os ponentes?

Por iso van escomental-a miña dúbida atreverdom'a faguerl'os señores de marras unhas perguntiñas:

Cal é mais intresante pros labregos galegos, ¿conocel-os orixenes hestóricos d'a propiedade ou conocel-os medios de redimir ista de tantos gravames como sóbor d'ela pesan?... N-o seu verdadeiro seno ¿eisiste n-a nosa

terra o que se chama dereito de propiedade pra c'os nosos campesinos? ¿Non sai incurso n-iste o domiño direuto i-o domiño útil? ¿Cantos non usufrutuan unha propiedade na nosa terra? E si a facultade de dispoñer, vindicar e gozar ó noso antoxo con encrusión d-os mais se chama dereito de propiedade ¿poden exercitar iste dereito a maoria d-os nosos labregos?

Mais que propietarios, ¿non se lle debiría chamar ós nosos campesinos arrendatarios que dispoñen d-unha pequena parte d-o rendimento d-as terras cuia outra parte pra satisfaguellas cargas ou pensión impostos sóbor d-elos?

¿Cómo non se nos ocurriría discutir un tema n-este senso: As leises s'án de cumprir cando sexan aldraxantes pr'os homildes ou tamén cando sexan opresoras pr'os tirans...?

¿Cómo ningún de vos presentou unha ponencia sobor da cuestión tan intrexante e tan axitada com'a d'os Consumos?

Naide desconece o atraso qu'impon o desenvolvemento d-a vida labrega as onerosas gabelas que graban as terras, pro isto sube de punto si se olla con detimento o aldraxant-impuesto d-os consumos, tributo arbitrario a disposición d-as oligarquías caciquís hastr'o Decreto de 11 de Setembro, querendo o esgrumar comopoderosa armo contr'a dinidade, a cidadanía i-os dereitos todos d-os nosos labregos. Namentras isto non desaparezca tolería será coidar que, homes que tanto sofrino seisiñados, s'intresarán pol-os problemas a sua maneira secundarios: Primeiro, a liberdade d-os pobos, dimpois, a liberdade d-as terras e por derradeiro a maneira pr'afincal-o aumento d-a produción, a riqueza galega en todol-os seus ordes e manifestacións. Soilo eisí se conquerirá algo en un prazo curto: O demáis será deixal-o camiño reito pol-o atallo cheio de revoltas.

S. GARCÍA-FERNÁNDEZ DE BOLAÑO.

Santiago, Setembro de 1919.

### DA ALDEA

Non xurdirá o veterano  
que desbravou moito a serra;  
per'o labor non se atrasa,  
ninguén das filas deserta:  
cantaruxando os rapaces  
salen detraís das ovellas,  
e pr'os bois nas manxadeiras  
non faltan brazados d'herba.

A y-ama—unha carpanzona—  
xonzóuse a sucas as terras  
e á noite volve pra casa  
tan froxiña y-amarela,  
que si s'extende no escano  
inda os tronos n'a despertan.

O probe enfermo tirado  
sobre pallas valorentas  
lembra un campeón ferido,  
xa inútil pra loita fera.

Requeren as chousas brazos,  
junha actividá sin treguas!,  
e si non se doí quen puxa  
o que cae non se queixa.

Fosc'o montañés, é mudo  
solo agarda á derradeira  
hora en que Dios o recolla  
pra n'estorbar os que quedan.

Pretiño d'él canta o galo,  
axiran na criba aveas  
y-está un meniño que chora  
y-on xato ceibo que breca.

A. NORIEGA VARELA.

## LETRAS IRMÃNS

## Misticismo Humorístico

DE EÇA DE QUEIROZ

Voltei. E' agora cando as anduriñas emigran. Andei pol-os campos, n-este ar desfallecido do inverno outonal.

Agora o azul está indolentemente belo. Ten cuasi unha irónica serenidade. E o azul intenso, frío, triunfante. Ten a luz, a beleza, a forza, a inefabilidade. Agora a luz enterneceida dos campos arrastra-se pol-as grandes augas inqueadas e pálidas, onde o vento revolve e espalla a agonía das follas.

Cando voltava, vin unha casa pequena, esbranquizada, escondida entre as bendicións indolentes dos arvores. Tiña a serea quietude de quen ten ouzado segredos extáticos, e era triste e religiosa como a entrada amarelecida de un convento católico. Havia unha corrente d'auga delgada que facía craras murmuracións era como o acompañamento, natural e melódico, de unha ecloga latina. Entre os arvores estaba un banco solitario, que o musgo ia cobrindo. Nas plantas, nas clematites, nas trepadeiras que o cercavan, havia un marmurio de voces distantes que contan felicidades perdidas. A pedra escura e mollada do banco tiña a tristura das pedras do cementerio, a luz consoladora, purificadora e branca, que cae do ecos ontónas.

Agora sobre aquel banco, dorme estirada a grande luz do sol, e á noite o luar, porque ja non ha n'aquela casa namorados contemprativos que veñan, de noite ou á sesta, despertar, pra se poderen sentar alí, aqueles dormentes de lua.

Aquela casa abandonada fai lembrar amores místicos: e, cando se vê á luz dolente do escurecer, fai subir do corazón como un sabor de bicos antigos e esquecidos.

As arvores erguían, en atitudes violentas e proféticas, os seus brazos nús engalados, suplicantes pra o frío azul, agardando, no entorpecimento, a fermentación violenta das seivas. Os ramos fríos e nitidos deixaban pasar indiferentes, sin as suspender, sin as acariciar, as moles nudezas das nuvens.

Toda a natureza, no tempo dos fríos, está impasible e sonolenta.

Pasei por un cementerio. Andava un coveiro abrindo covas. Tiña un rosto inerte e animal. A luz disipava-se, e unha estrela que se chama Venus lucía, metálica, ardente, deseñosa, lucilante, n-un fondo sinistro de ramagens.

O coveiro e un sementeiro. Semeia corpos. Somentemente non ten a esperanza nin o amor das colleitas. ¿Quen sabe se os corpos, que se atiran á vala, sementes funebres, abren-se, aló enriba, en searas divinas de que nós apenas vemos a pouta das raíces, que son as estrelas? Mas non. A alma morre. O corpo revive e disipa-se na materia enorme.

E na alma onde están as vontades, os negros remorsos, as laceracións do mal: o corpo desce livre, novo e san pra as uberidades limosas das covas.

Cando chega o último frío, odios, amores, tristezas, invejas, melanconias, desejos, todos causados das loitas e da vida, din á natureza como gladiadores vencidos: — *Os que van morrer saudante!* — E morren.

A vida e o seu suplicio é absorvida na insensibilidade da natureza, no silencio perpetuo, na forza fatal e cega. E a materia vai pol-os ares, pol-as planicies, amolece-se nas sombras,

virifica-se nos raios claros, é roquedo, floresta, torrente, fluído, vapor, ruído, movemento, estremecimento confuso do corpo de Cybéle: e a materia sinte a vida universal, a palpitação do átomo debaixo da forma, sinte-se bañada pol-as claridades suaves e pol-os cheiros dos fenos, sinte-se impelida para a luz magnética dos astros e dilacerada nos asperos movementos da terra. A materia ten a consciencia augusta da súa vitalidade. E así, baixo a tua impasibilidade, ha unha angustia inmensa, unha vida ardente, impiedosa, unha alma terrível, oh formidável natureza!

A noite descía: caía de cima unha claridade lactea; pesava un austero e lento silencio; a longa brancura celeste era gloriosa; havia pol-o ar unha bondade indefinida, unha virtude fluída: en lembrava-me dos Elysios olimpicos e mitológicos onde, na claridade, pasan as sombras heroicas, sereas, brancas leves, levadas por un vento divino. Claridades sen sol!

Eu ia escoitando os pasos da doce noite, que viña camñando, la-me afondando no tedio, como un navio roto n'unha mare do equinoxio. Enchian-me a alma crepúsculos brancos. Entrei no grande arvoredo negro. Aquelas horas, os linfáticos, os inocentes, os místicos, atopaban nos arvedos languidez e elevacións ascéticas. Mas en tremia entre a ramaria inquieta como un mar, misteriosa como un firmamento: — tremia como un home medroso que vise erguer-se un morto. Toda aquela decoración negra de ramos torcidos, de follagens lividas, de silencios, enchia-me de un terror profundo e trivial. A luz disipada e transfiguradora do ocaso dava aos troncos un estrano aspecto de loitadores, vindos do sangue e dos incendios: os sinos distantes eran como voces indefinidas de miseria e de dor.

Pasava un vento incesante e perseguidor. Os mouchos voaban, e as augas sonoras eran como voces vingativas e trágicas. A lua, entorpecida, pasava por detras da estacada de ramos. O vento era ronco e lento como un canto católico de oficios. E o gransar lento e arrastado dos corvos parecía unha ladaíña barbara de padres. As arvores doentias ranguían ao vento invernal, o ar estaba diafano, lacteivo mortuario. As estrelas que aparecían tiñan o ollar lancinante.

Cheguei a estalagen. En baixo, na lareira un magro fogo lambia as fuligens. A luz do meu cuarto tiña a lividez dos cirios, e o espello tiña reflexos palidos, como de sombras mitológicas que pasasen. Ouviaanse os lobos.

Lembravan-me enton as outras noites, claras, doces, lentas, en que o ceo derramaba sonolencias; enton tamen eu ia por entre as arvores, e ouvia ondas sonoras de cantigas, que o vento facía retinir a traves da bruma, entre o acre cheiro das eflorescencias. Aquelas voces claras eran doces, santas, saídas de cristaes, como veladas por un luar. Eran como claridades sonoras de estrelas. Era unha moititude de formas divinas que asin cantavan, divindades féricas, willis, nixes, perisfadas, que pasaban ligeiras sin despertar os ramos adormecidos. Aquelas nudezas celestes fillas do fogo, frores do mal, ondas do ar, entrelazaban-se, danzando nas obscuridades, que as scintilacións estelares franxaban de palidez. No meio dos nevoeiros humanos, elas facían resprandecer diante dos ollos as visions para-

disiacas, as creaturas sideraes de languidos misticismos. Elas ian n'aqueles enlazamentos, brancas e loiras, cheias de lirismo, con os pés vermellos e magoados de teren pisado auro-ras; ian poisando nos jacintos, nos mirtos, nas rosas bárbaras cheias de sangue radioso; ian rolando sobre a brancura soluzante dos lirios: e a súa voz triste subía, por entre o azul lacteo, para a lua chorosa.

Cando así estava no cuarto da estalagen, inerte como unha mumcia, pensando n'estas cousas, vi, repentinamente, a través das vidreiras, a lua aparecer-me.

Mas non era aquela pura e immaculada lua de côr d'opala—que derrama brancuras, como si a través do azul caisen lirios. Era unha lua metálica, fría, ostil, material como unha moeda d'ouro nova.

Ela aparecía-me mortuaria e lívida como unha sombra finada, que se ergue ás grades d'un adro. E o seu ollar; lancinante e rápido, estaba cheio das miñas agonias.

Ora n'esa estalagen atopei un amigo, antigo camarada, que se tiña feito saltimbanco.

Fixo ben. Canso dos pedantes, dos burgueses, dos ventres mercantes, dos imbecis afo-gados en gordura, fixo-se saltimbanco, e vive entre os pallazos. Fai forzas cuberto de farrapos lucentes, engole espadas, danza farto de viño como un Sileno. Dorme nunha capa esfarrapada, con a nuca sobre un tambor, á frescura das estrelas e baixo a bondade dos luars.

As veces ten frío e fame, e gela n'uns cal-zons feitos de velludillo e de galons d'ouro. Anda errante de vila en vila, e a populanza da lama admira-o cinguido do seu diadema de metal lucente.

Danza sobre a corda, e os seus gestos e as suas musculaturas fan soluzar desejos as gitanas e as feiticeiras. Que lle importan as grandezas e as materialidades felices?

Ele ten a moititude extática e enlevada nos giros dos seus zapatos.

E ten unha ben-amada de trazas tan compridas com'os ramos de un chorón, e aneladas e fortes como penachos de voluptuosidade: e a súa testa ten un reflexo de luar, de marmore e d'espello: e ten un belo seio de formas tártaras.

Ele pula a noite, no circo alumeadado en canto as toutinegras cantan nos canaviaes.

Ele fai girar vinte puñas agudas en redor da cabeza, n'un círculo puro e sonoro.

E a moititude, un día, vendo aquela diadema ferrível e faiscante, e o saltimbanco impasível, grave, enarriñado, baixo aquela coroa de luz, tomou por un ídolo e faino igual aos deuses!

Ele, o meu saltimbanco, ten a alma d'ouro e o corazón de diamante—e ri-se, ri-se, cando o vento súa como flauta do inverno, e ao concerto das corujas e das ondas as estrelas danzan.

A miseria anda-lle cavando a sepultura. Un día, abandonado da ben-amada, morrerá sin pan, sin luz, sin calor, sin oracións e sin sol. E non sufrerá mais. Viu durante a vida todo un povo curvado, aplaudindo, debaixo dos seus borceguíns. Os tambores e os clarinetes tocarán o día mellor do saltimbanco, o día en que morrer: tocarán o seu mellor día os ferrinos, os timbales, os clarinetes, os tambores!

Todas estas cousas parecen soños. Mas que é o soño? Que son as visions? Son as atitudes, fantásticas e desmanchadas, que a sombra dá ás verdades. Ja pensava así o poeta *Li-Tai-Pé*, que escribía sobre as cousas santas da China, entre porcelanas e laccas, ao aroma dos menufares, vestido de sedas amarelas, perfumado de sándalo—doce, contemplativo, branco, diante d'un vaso de margaridas.

## A Atlántida

Algún, querendos, expicare a saudade sen cura da i-alma galega. supuxo si nós sospiramos pol-a perda Atlántida... E mais pode ser que teña razón.

Mais pr'alá das columnas d'Hércules achábase a illa de Poseidonis, e logo un inmenso continente, unha terra que cobría o que hoxe é o Oceano Atlántico, o noso mar... N'aquela terra houbo un poderoso imperio. Os seus reis habían conquistado a Lybia inteira. Un d'eles quixo poñer á Europa tamén baixo do seu dominio, y-atacou a vila d'Hasti como lle chamaban á primitiva Atenas. Mais aquela vila defendeuse y-os Atlantes foron vencidos e tiveron que se volver pra tras. Logo, n'unha sola noite, a inmensa Atlántida fundiuse por baixo das augas do mar, qu'a cubriron en toda a sua extensión, e quedou solagada pra sempre... Esto foi o que lle contaron a Solon os sacerdotes exipcios do templo de Sais ond'adoraban á diosa Neit, a branca. Platon referiu a historia no *Timeo* e tamen no *Kritias*.

¿Foi a Atlántida un continente histórico? Tradicións dispersas conservadas por todol-os pobos da terra, semitas e mais indoxermanos, hiperbóreos e mais negros do Sul refireus'a ela. D'ela falou d'unha maneira ou d'outra os libros sagrados de total-as relixiós. Os indos d'Avavarta e mail-os Mayas do Yveatan lembrábase d'ela. Moitos sabios modernos: Berlioux, Bousen, Le Plogeou, Scott Elliot, Novo y Colson, Roso de Luna, dou cretò á tradición. Mosen Jacinto Verdager. Adicoulle un inmortal poema.

Falase de moitos pobos de Atlántida: Flevatlis Toltecas, Accadias, Mongoles... Din que d'elí viñeron os lybio-iberos, a raza que Sergi chamou euro africana ou mediterránea. Outros din que foron os Atlantes quen construíron os moimentos megalíticos. Creuse que os seus restos mais puros eran os guanches das illas Canarias, derradeiras cumes non sulagadas do continente atlántico... ¡Dícense tantas cousas!

Haivos un vello códice céltico, que seica s'alcontra n'unha biblioteca d'Irlanda, sobor do que publicou Mr. Rolt Brash un libro famoso. N'aquél códice fala dos viaxes e pelexinaciós d'un cabo ó outro da terra do pobo craro e loiro dos Tuatha de Danand, e das loitas que tivo c'os Fir-bolgs os atlantes de moura face. E din qu'os Fir-bolgs non son outros qu'os lybio-iberos, de sangue euroafricana, que c'os nomes de iberos e ligures pobaron as costas do Mediterráneo occidental. Y-os Tuatha de Danand, os atlantes hiperbóreos, brancos e loiros com'as xentes do Norte pobaron as costas do Atlántico e loitaron c'os Fir-bolgs na Península Ibérica, y-ó cabo foron arreconchegados no eistremo Noroeste, ond'ainda siguen asoballados polos atlantes morenos de sangue africana. Tal foi o triste destino histórico, qu'hastra d'agora temos sofrido os Tuatha de Danand.

Poidería se quixera estarvos falando anos

enteiras dos atlantes e das lonxanas pelexinaciós dos Tuatha de Danand. Do que lles acontecerá no porvire, poderíase falar aínda moito mais, s'os Tuatha de Danand, ou os seus netos, saben coller o ensino das proveitosas leuções do pasado, e restaurar co-eles a sua nacionalidá perdida... E pra eso, deades ou non creto histórico á leenda da Atlántida, imos ver cal debe ser pra nos, a sua sinificación.

A Atlántida solagada baixo das augas do Océano é o símbolo da nosa civilización céltica escurecida y-asoballada por unha civilización extraña y-enemiga, que é a civilización mediterránea; y-é tamen o símbolo da nosa nacionalidá galega, tamén escurecida, tamén asoballada, por un poder que pra nos facer iguás con pobos d'outra raza, trata c'unha rabia cega, de nos roubar a nosa lengoa, a nosa fartura, o noso carautere; y-o dereito á nos gobernar ó noso xeito, por nos mesmos e na nosa casa.

VICENTE RISCO.

Ourense, 1919.

## O derradeiro trato

*Camiñaba eu, de mañan pol-a pedregosa estrada, cando, empuñando a espada, chegou El Rei na sua carroza. ¡Vendo-me!! berrei. Tomoume El Rei da man, e dijo-me: "Son poderoso e podo mercarte". Mas de nada lle valeu o seu poder, e foise sin min na sua carroza.*

*As casas tiñan pechadas as portas ao sol do mediodía. Eu errante pol-o camiño torto, atopeime c-un vello que saliu ao meu paso c-un saco cheo d'ouro. Dudou un punto e logo dijo-me: "Son rico e podo mercarte". Unha por unha, alabou as suas monedas. Mas eu volvin-lle as costas e fun-me.*

*Era noite e-o jardín estava en fror. Unha doncela gentil apareceuse-me e dijo: "Mercote c-a miña surrisa". Mas o seu surrir desvaeceuse, palidecendo, nas suas bágoas, e foise, sola, outra vez, na sombra.*

*Relocía o sol na praia e as ondas do mar esgazaban-se caprichosamente. Sentado na area, xogaba un neno c-as cunchas. Ao pasar eu, erguen a cabeza, e como si me conocera, dijo-me: "Nada teño; podo mercarte por nada." Dende que, n-un xogo de nenos, fixen este trato, son un home ceibe.*

RABINDRANATH TAGORE.

## PROBLEMAS HESPAÑOLES

### Framenquismo analfabeto

Na Hespaña todo é relativo: políticos e pobo, gobernantes e gobernados, E ben certa a célebre frase: «Os pobos teñen o goberno que merecen». ¿Qué mais dá que nos governe Sánchez de Toca ou Xan Quinto si con calquera d'eles progresan os astros coletudos que é unha monada?

A min non me estrana a *chulería* madrileira nin os toureiros de profesión, nin os *inañantes* políticos d'oficio; estrananme persoas consideradas con certa sensatez social. Oí-las protestas do réximen caduco da Hespaña decadente, ouvilos renegar do noso atraso, pero, en troques, non é difícil que prefiran ver unha novillada por aficionados a unha exposición de cadros de Goya, de Rafael, de Velázquez, e de tódol-os grandes pintóres antigos e modernos ou a unha Exposición Mostrario do xeito da da Cruña ou de triple importancia que ista.

Quizais non estea moi lonxe o día en que si atopamos unha soia persoa que non vise os touros teñamos que faguerlle un moimento, por repersentar, inconscientemente, a verdadeira Hespaña, a Hespaña que nosoutros queremos, sin turnantes e sin *chulos* do xeito que o son os framenquistas. Por iso moitas veces—e coasi sempre—as maorías non levan a razón. En aprecio moitas veces que a razón está na minoría. Xá o vedes; si en Hespaña, por votación segreda, fixéramos unha elección sôbor de si deben existir ou non as festas toureiras, teño a seguranza de que ganarían os que optasen por elas. Mais isto non quer dicir que a maoría tivese a razón, senon tod'o contrario, porque o pobo conscete é o menos abundante. ¿No vedes en Galicia?

Cantas persoas defenden os touros disculpanse con que tódal-as naciós, aínda as mais progresivas, teñen as suas festas con mais ou menos brutalidade. Isto poide sere certo, mais non é razón suficiente para que nos deixemos de sere antiframenquistas: en primeiro lugar, porque isas razóns poden estare trabucadas coma nosco, e pol-o menos, nengunha das festas brutas que se efeitúan nâs nazós civilizadas poide considerarse tanto com'a nosa; y-en segundo porque nos non combatimos ao framenquismo sômente pol-a parte material. senon pol-a falta de espiritualidade de que está falto. Non coído pecar de esaxerado si atribuyo parte, boa, do atraso de Hespaña ao arte toureiro, sôbor todo os defectos d'a sua política. Non quero dicir c'isto que teñen a culpa os toureiros; ¡quia! non, porque eles non fan mais que ganarse a vida dentro da sua incrinación; mais isa afición despertada en toda Hespaña, ise ambiente *chulo* que s'ouserva é o que fai que a pereza da conscencia teña maor cabida no espíritu cidadán hespañol e infruía tamén en que por iso desaténdase aós demais medios de conquiremento d'unha cultura a base d cidadanía que, ante todo, é a primeira d'as condicións que se requeren para poder emitir un pensamento con enteira franqueza.

O caso que eu coído interpretar ben é igual ao d'unha persoa corrompida pol-o vicio, que por él abandona tódal-as demais cousas anque lle conveñan.

N'un país d'iste xeito, todo ten que ser relativo; por iso dicía dinantes políticos e pobo.

N'unha terra corrompida fan falla medidas radicás porque as medias, as contemprativas, lévannos a un abismo mais perigoso do que podemos ouservar.

O ABADE AIO.

Betanzos.

## OS QUE COMENZAN

**A política da Hespaña**

¿Qué dirán os extranxeiros do desconcerto político da Hespaña? ¿Qué falarán n-outras nacións dos políticos da atrasada Hespaña, e da inxusticia con que os caciques tratan a os pobos e cidadáns? Quixera escoitar conversas de xente extranxeira da indiferenza que teñen os políticos aos pobos; e tamén o que dirán do noso ruín batallar sin proveito ante as diferentes partes da política. ¡Que perda de tempo e de diñeiro fan os políticos, para-dimpois non deixar de ser un cacique mais... ¡Que boa enerxía de xente nova na política perde Hespaña!

Pobriños de nós que temos esa pedra do cacique, que aínda non ben damos un pasiño xa nos amenaza c-unha inxusticia, c-unha escravitude, coma si eles foran reis que poideran

bulvar as leises d'o país. Eu podo decir: Os caciques non son homes c'oma os mais. Os caciques teñen por forza e por xusticia que morrer. Mentras nas cibdades, pobos e aldeas haxa un home que non queira ser escravo, os caciques teñen de ter medo, porque día chegará que lles doia.

Desgraciada Galicia, que ten as industreas, os portos, as vías de comunicaceon e a riqueza d'a terra sin adianto ningún, ano tras ano, por ter que manter a os galdrupeiros caciques que comen o diñeiro que debía ser pra o noso florecemento.

Non e milagre c'os catalans teñan sempre revoltas, si nosos governos teñen a culpa, e inda bô é si os galegos non chegamos tamen a facer o mesmo, pois cheos demais da inxusticia e do atraso da nosa terra, non é milagre si algún día xa non podendo seguir o mesmo libertemos a nosa terra d-esa xente galdrupeira.

Na nosa terra xa temos algo adiantado, xa temos a opinión no verdadeiro camiño da xusticia, e cando o cacique fai unha inxusticia, como pasou en Rianxo na horta do Gran Castelao, levántase a opinión, pedindo xusticia e os caciques c'o rabo encollido fuxen deixando-a no seu lugar.—M. PORTO CASAS.

Villagarcía.

**Outra fazaña do caciquismo**

Noso querido irmán de Negreira, Salvador García Fernández de Bodaño, foi vítima d'un atentado, do que foi autor José Caamaño, fillo do segredario xudicial d'aquela vila.

O directorio das Irmandades da Fala, telegrafiou o presidente do Consello de ministros, e o xornal o *Sol* de Madrid, protestando do feito criminal.

Afortunadamente, noso querido amigo, saíu ileso, do que moito nos folgamos.

**Compagnie de Navigation SUD-ATLANTIQUE****Saida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires**

O día 12 de Outono de 1919, aprosimadamente e salvo continxencias, sairá do porto da CRUÑA o paquebot correo francés


**ASIE**

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos-Aires **PESETAS 384'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en. C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA

**Compañía Chargeurs Reunis**

Pra os portos de Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires, sairá da Cruña sobor do 15 do Setembro o vapor correo lixeiro

**CEYLAN**

Admite pasaxeiros de 1.ª e 2.ª crase e 2.ª económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 369 60.

“ medio boleto “ 189 60.

Nenos mais **no vos de dous anos**, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTRESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcar pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitiéndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacións, nin poderes dados ante os Consules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non valan acompañados da súa familia.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OUARENSE, 2 — A CRUNA.

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


## XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós milliores produtos i-a limpeza mais exquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



**Grandes Talleres**  
DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

**¡Sempre como novo!**

Estores — Visillos — Cortinaxes —  
Cortiniñas — Cubre-camas — Batas —  
Brusas — Camisas — Camisóns — Cu-  
bre-corsés — Cuellos e Puños — Enar-  
ges — Gorras — Pantalóns de Sñora —  
Peñadores — Sombreiro e Vestidos  
de nene — Traxes, etc., etc.

**Hixiene - Elegancia - Esmeiro - Rapidez**

Despachos (A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
contraes (Vigo: Praza da Constitución, 12

Faise cárrago de todæ  
cras de traballos græ-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafía e fotograbado,  
ansi coma sellos de  
cáucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Telef. 434

## Os viños e coñás millores

son os qu'elporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sosa é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros elportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.º piso. — A CRUÑA

# Lloyd Real Holandés

**Amsterdam**

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

**GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA**

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

**CONSIGNATARIO**

**NA CRUÑA E VIGO.**

**FRÁBICA MECÁNICA  
DE CALZADO**

— DE —  
**ANXEL SENRA**

**RÚA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15  
**A CRUÑA**

**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO

— DE —  
**M. Losada Prado**  
**A CRUÑA**

**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

*A millor da Cruña*  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**A FARTANZA**

DE  
**CRISTINO P. REY**  
PROGRESO, 40—A CRUÑA

Irmãos: os milliores viños que bebedes na Cruña son os que vende esta casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os milliores choizos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

**Abonos Químicos Mineraes**  
Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Regenerador **ROSTAM** pra os animaes debles, pra que as galliñas poñan mais hovers, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a  
**Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA**

**MATERIAES DE CONSTRUCCION**

**Cemento Asland**  
Madeiras -- Carbón  
**CENTRO XENERAL DE SEGUROS**  
**IGNACIO PEDREGAL**  
**NA CRUÑA**

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO  
O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Farmacia Europea**

— DE —  
**López Abente**  
**REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

**EFFECTOS NAVALES**

DE  
**FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES**

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**  
**VIGO e A CRUÑA**

**CASA FUNDADA EN 1868**  
Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**GRAN FONDA**  
**Las Cuatro Naciones**

**San Andrés, 102.—A CRUÑA**

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA**


**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —  
**RAMOSE ACEA**

**San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA**

Estabrecimento de primelro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e fricclós de todas clases.

*Nota:* N'este estabrecimento atopará o público un servico permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.



**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

*Servicios directos dende o porto da Cruña*

Na derradeira quincena de Agosto aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo

**VENEZIA**

Prezos do pasaxe (includol-os impostos)

		Habana	Veracruz
Primeira crase	Ponte pasaxo:		
	Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. exteriores.	> 1.668'75	1.753'75
	Ponte superior:		
Segunda crase	Camarotes exteriores.	> 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores.	> 1.293'75	1.378'75
	Ponte inferior.	> 1.293'75	1.378'75
Preferencia.	> 1.103'75	1.088'75	
TERCEIRA CRASE.	> 808'60	798'60	
		328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario

**DON NICANDRO FARIÑA**

**Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**